

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2026

BEGOÑA
CAAMAÑO

DE CIRCE A MORGANA

GUÍA DIDÁCTICA



AUTOR: INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA CASTELAO

XUNTA
DE GALICIA

Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e Consellería de Educación, Ciencia,
Universidades e Formación Profesional

Secretaría Xeral da Lingua

IES Castelao, Vigo (Pontevedra)

Imprime: Renovada 2025 S.L.

Santiago de Compostela 2026

Depósito Legal: C 512-2026

Autoría

Redacción dos carteis e da proposta didáctica: Roberto Brañas Pérez, Abraham Castro García, Helena Fernández González, Josefa Fernández Osorio, Sandra Freire Nimo, Rosalía Grandal Montero, Ramón Nicolás Rodríguez, Cándido Paniagua Pousa, Mónica Soto Balo e Gonzalo Vázquez Pereira

Coordinación

Ramón Nicolás Rodríguez

Imaxes

Os deseños foron realizados por Roberto Brañas Pérez, Chus Ferrín Iglesias e o alumnado de 4.º de ESO e de 1.º de bacharelato

Imaxes do cruceiro do Calvario: Patrimonio Galego.net

Material audiovisual e kahoots

Alumnado de 4.º de ESO PDC

Proposta musical

Josefa Fernández Osorio

Gravacións

Marco Veiga Álvarez

Montaxe do vídeo-documental

José Manuel Blanco Guimarey

Maquetaxe dos carteis e da proposta didáctica

Rosalía Grandal Montero

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	3
BIOGRAFÍA	4
BLOQUE 1	
CARTEL 1 • <i>Circe ou o pracer do azul</i>	5
BLOQUE 2	
CARTEL 2 • O Calvario	8
BLOQUE 3	
CARTEL 3 • Coia	10
BLOQUE 4	
CARTEL 4 • A xornalista	13
BLOQUE 5	
CARTEL 5 • Begoña no alumnado	15
BLOQUE 6	
CARTEL 6 • A feminista	17
BLOQUE 7	
CARTEL 7 • A activista	21
BLOQUE 8	
CARTEL 8 • A voz das amigas	23
BLOQUE 9	
CARTEL 9 • Recoñecementos, homenaxes e outras mulleres no Día das Letras	26
BLOQUE 10	
CARTEL 10 • <i>Morgana en Esmelle</i>	29
BIBLIOGRAFÍA	32

BEGOÑA CAAMAÑO: VIDA, FEMINISMO E LITERATURA

Día das Letras Galegas 2026

A Real Academia Galega, no seu pleno ordinario do día 20 de xuño de 2025, acordou dedicarlle o Día das Letras Galegas 2026 a Begoña Caamaño.

Entendemos que a elección é relevante por diversas razóns. Entre elas salientamos que outra muller vai ser recoñecida nesta celebración, contribuíndo á necesaria visibilización das voces femininas, recentes ou non, da nosa tradición literaria. Por outro lado, a figura de Begoña Caamaño, desaparecida cando aínda tiña tanto que ofrecer, sintetiza unha serie de valores que tanto na exposición visual como na guía didáctica intentamos salientar a través de diversos recursos, como son a revisión dalgúns dos mitos literarios universais que chegaron ata nós nunha interpretación unívoca e patriarcal que Caamaño, coa súa obra literaria, subverte e actualiza para os nosos tempos.

Alén dese elemento, clave para interpretar a súa obra literaria e no que afondamos nas figuras de Circe e Morgana como non podía ser doutro xeito, cómpre salientar, no seu perfil biográfico e profesional, diversos territorios ou acontecementos que nos permitimos abordar neste traballo como son as súas fondas raíces coa cidade de Vigo, co Vigo máis proletario e rebelde, por certo, e en especial co espazo singular que representa o barrio do Calvario, onde naceu, e tamén o de Coia, onde viviu os últimos anos da adolescencia e os primeiros da súa mocidade.

Non esquecemos pór o foco da nosa atención nas dimensións que atesoura a súa profesión como xornalista, e como xornalista en galego, facendo referencia aos medios de comunicación nos que participou e cal foi o seu labor dentro deles. Por extensión, como é natural, faremos unha reivindicación da importancia destes para o noso tecido social.

Para completar o perfil de Begoña Caamaño, sería desatinado obviar o seu labor como activista política, sobre todo no eido do feminismo. Nesta liña ofrecemos, ao mesmo tempo, achegamentos tanto á visión que outras voces contemporáneas nos transmitiron do seu labor cultural, político, literario ou da súa propia personalidade, como aos galardóns e recoñecementos que obtivo tanto en vida como postumamente.

Velaquí, así pois, o resultado dun traballo transversal que incorpora achegas de diversos departamentos docentes do IES Castelao —Lingua Galega, Historia, Música, Tecnoloxía, Plástica— e, sobre todo, o traballo e o entusiasmo dun alumnado que abrazou a causa de Begoña Caamaño, desde o respecto e a admiración, nun territorio de aprendizaxe que quixo ser integral, dinámico e colaborativo.

BIOGRAFÍA DE BEGOÑA CAAMAÑO

Begoña Caamaño Rascado (Vigo, 1964–2014) foi unha xornalista, escritora, feminista e activista política galega de referencia, cunha traxectoria marcada polo compromiso social, a defensa da lingua e da cultura galegas e a loita polos dereitos das mulleres. Naceu no barrio do Calvario e formouse en Maxisterio, aínda que axiña orientou a súa carreira cara ao xornalismo radiofónico.

Comezou a súa andaina profesional en 1986 en Radio Noroeste e posteriormente traballou na COPE. Desde 1989 desenvolveu a maior parte da súa carreira na Radio Galega, primeiro en Vigo e logo en Santiago de Compostela, onde exerceu como redactora dos servizos informativos e formou parte do equipo do *Diario Cultural*. Dirixiu e presentou programas como *Andando a Terra*, *Club Cultura* e *Expreso de Medianoite*, e colaborou en diversos xornais e revistas galegas. Paralelamente, destacou pola súa intensa actividade sindical, en que chegou a presidir o Comité Interempresas da CRTVG e denunciou con firmeza a manipulación informativa nos medios públicos.

O seu compromiso político e social foi constante. Participou activamente no movemento feminista, antimilitarista e nacionalista galego, formou parte de organizacións como MUGACOM (Mulleres Galegas na Comunicación), Mulheres Nacionalistas Galegas e a Marcha Mundial das Mulleres. Implicouse en campañas a prol da sanidade e do ensino públicos, na defensa do dereito ao aborto, contra a violencia machista e na denuncia da catástrofe do Prestige. A súa militancia estendeuse tamén ao ámbito cultural, con colaboracións musicais e literarias, sempre desde unha ética de coherencia e sororidade.

A súa carreira literaria iniciou unha nova etapa da súa vida pública. En 2009 publicou *Circe ou o pracer do azul* e en 2012 *Morgana en Esmelle*, dúas novelas que revisitan os mitos clásicos desde unha perspectiva feminista e contemporánea. *Morgana en Esmelle* foi amplamente recoñecida, recibiu importantes premios literarios e consolidou a Caamaño como unha voz singular da narrativa galega.

Begoña Caamaño faleceu en 2014, aos cincuenta anos, tras unha enfermidade. A súa morte provocou unha fonda conmoción no mundo cultural e social galego, que lle rendeu numerosas homenaxes. En 2026 foi escollida como a figura do Día das Letras Galegas, co que se recoñece unha vida dedicada á palabra, á xustiza social e á dignidade colectiva.

BLOQUE 1

1. Le o primeiro cartel da exposición arredor da figura de Begoña Caamaño e indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras (V) ou falsas (F).

- a) A novela *Circe ou o pracer do azul* foi decisiva na ampliación dos límites temáticos da narrativa galega.
- b) Na novela *o azul* funciona unicamente como símbolo do mar que separa as protagonistas.
- c) A correspondencia entre Penélope e Circe non só estrutura a novela, senón que permite revisar criticamente os roles femininos herdados do mito.
- d) A novela mantén unha lectura tradicional do mito de Ulises, pois prefire non cuestionar a versión clásica.
- e) Begoña Caamaño recibiu un premio literario por esta obra pouco despois da súa publicación.
- f) A novela tivo un grande impacto porque introduciu na literatura galega unha voz feminina que reescribe os mitos desde unha perspectiva contemporánea.
- g) A obra consolidou a autora como unha figura destacada, malia tratarse do seu primeiro libro.

2. Na novela *Circe ou o pracer do azul*, as protagonistas escribíense cartas para compartir sentimentos, descubrir verdades e romper coa versión clásica dos mitos. Agora serás ti quen redacte unha carta para unha delas, imaxinando que formas parte da historia. A túa carta debe seguir a estrutura tradicional. Comeza co lugar e a data. A continuación, engade un saúdo inicial. No corpo da carta, que debe ter entre cinco e sete liñas, inclúe un sentimento que queres compartir, unha referencia ao azul e ao que simboliza para ti e, finalmente, unha pregunta para a destinataria, igual que farías con alguén a quen lle tes confianza. Remata cunha despedida afectuosa e coa túa sinatura.




3. O azul funciona na obra *Circe ou o pracer do azul* como un símbolo aberto, asociado a ideas como liberdade, revelación, pracer, cambio ou rebeldía. Para explorar a riqueza literaria do azul, vas crear unha pequena composición visual, así que a partir das seguintes cinco imaxes traballa o azul. O teu reto será crear un verso ou frase breve (máximo 8 palabras) sobre o azul, usando o recurso literario que se indica.

CEO – METÁFORA



AUGA – COMPARACIÓN



FLOR – PERSONIFICACIÓN



LAPIS – METONIMIA



MANS – SINESTESIA



4. Resolve este Kahoot sobre figuras mitolóxicas e Historia da Arte:

<https://create.kahoot.it/share/mitoloxia/b298741b-d9ea-4893-84fb-c553702f0057>

5. Le atentamente o fragmento e logo responde as preguntas:

Non quero insistir máis no tema que, como vos confeso, non deixa de causar en min un certo degoiro, mais o aprecio que sinto por vós, miña nobre amiga, lévame a suplicarvos e aconsellarvos que non convertades esa coiraza que vos protexe en parte da vosa propia natureza, non deixedes que deveña nunha segunda pel. Permitídevos a vós mesma, miña amiga, deixar aberta no voso corazón unha físgoa, unha mínima regaña pola que poida penetrar o amor, o bo amor, se tiverdes a sorte de o achar. Non renunciades tan axiña á felicidade.

Extracto dunha carta de Circe a Penélope.

- a) Que sentimento expresa a voz narradora ao dicir "non deixa de causar en min un certo degoiro"?
- b) Que lle recomenda que non faga coa súa coiraza?
- c) Cando se refire ao corazón da destinataria..., cal é a acción que se suxire?
- d) Cal sería o sentido desta frase final: "Non renunciades tan axiña á felicidade".
- e) Localiza dous verbos en futuro de subxuntivo e explica por que se usan neste contexto.
- f) Atopa dous pronomes de tratamento de cortesía ("vos", "vós") e comenta como afectan ao ton do texto e á relación entre narrador e destinataria.
- g) Escolle entre as seguintes opcións a que mellor corresponde ao significado das palabras segundo o contexto:


<p>1. Degoiro:</p> <ul style="list-style-type: none"> ◆ Tristeza ◆ Alegría intensa ◆ Medo ou susto 	<p>2. Coiraza:</p> <ul style="list-style-type: none"> ◆ Armadura que protexe o corpo ◆ Obxecto decorativo ◆ Personaxe literaria
---	--
- h) Indica cal é o recurso literario empregado nesta frase: "Non convertades esa coiraza que vos protexe en parte da vosa propia natureza, non deixedes que deveña nunha segunda pel".
 - ◆ Metáfora
 - ◆ Hipérbole
 - ◆ Personificación
- i) Reescribe o fragmento da carta coma se fose unha mensaxe de WhatsApp a unha amiga, mantendo o consello e o afecto. (3-4 liñas)
- l) Que che transmite o texto sobre a protección emocional e a apertura ao amor?

BLOQUE 2

1. O barrio do Calvario, onde medrou a nosa protagonista, toma o seu nome da existencia de tres cruceiros. O caso do cruceiro principal é curioso, pois a súa localización orixinal foi modificada porque unha persoa o tirou ao chan. Este cruceiro foi restaurado e colocado na vella igrexa de Santa Cristina, onde a súa restauración modifica a idea orixinal. Tendo en conta esta información, responde as seguintes preguntas tras observar as imaxes que aparecen á dereita:



- Cal é a nova posición do cruceiro? Mantén a idea orixinal para a que foi realizado?
- Como é a semicolumna sobre a que se eleva a escultura? Describe a base, o fuste e o capitel.
- Explica a expresión facial e corporal do Cristo: sofre, está tranquilo, mostra inmutabilidade?



2. O concello de Lavadores, ao que pertencía o barrio do Calvario antes da súa anexión a Vigo en 1940, nos comezos do século pasado tiña o alcume de "A pequena Rusia". Investiga na rede as razóns desa apelación.

3. O cruceiro de Santa Cristina foi debuxado por Castelao en *As cruces de pedra na Galiza* (1950). Por que cres que Castelao quixo estudar e recoller estas obras de arte?

4. Cando Caamaño presentou *Morgana en Esmelle* en Vigo, dixo sobre esta cidade unhas palabras. Na marxe dereita tes agrupadas algunhas, que debes colocar no lugar correspondente do texto.

Vigo, cidade na que nacín, _____ e na que están as miñas _____ e boa parte dos meus _____ primeiros e eternos e boa parte das miñas referencias _____.

MEDREI
RAÍCES
AFECTOS
CULTURAI

5. A profesora Carmen Panero deulle clases á nosa autora no IES Alexandre Bóveda de Vigo. Dedicoulle unhas palabras que tes que colocar correctamente.

Gozamos da fortuna de tela coñecido e compartido a súa intelixencia, a súa _____, a súa ledicia, a súa _____, a súa lealdade. E a súa pilla _____, ah! Así como, doutro lado do seu espello, vemos á lizgaira e _____ Morgana, a ollada limpa e _____ na que asoma unha faísca de _____.

BELEZA
REBELDÍA
CHISPA
SINCERA
RISOÑA
LUZ

6. Begoña Caamaño xogaba, a carón do que hoxe é o IES Castelao, a moitos xogos infantís que aínda se practicaban nos anos sesenta. Nesta ligazón, <http://xogostradicionais.consellodacultura.gal/web/filtro/idades>, tedes moitos filtrados por idades. Escollede un par deles e intentade poñelos en práctica nalgún recreo.

7. Begoña foi unha melómana ao longo de toda a súa vida. Para tratar este tema realiza un pódcast no que se vaian intercalando a lectura de textos seus con cancións da autoría de Uxía, Guadi Galego ou A Pedreira, ou con outras voces que traten a igualdade e a diversidade. Igualmente, investiga sobre o tema de mulleres galegas na música, onte e hoxe.

8. Begoña Caamaño asistiu a unha academia situada no Calvario onde completou os seus estudos primarios. Alí deulle clases de francés a escritora e feminista María Xosé Queizán e aprendeu unha canción titulada "Le petit cheval". No código QR podes escoitar a interpretación que fixo o alumnado do IES Castelao.

Velaquí a letra da canción: <https://www.letras.com/brassens-georges/51258/>

Pásaa ao galego e logo fai un resumo do seu contido.



9. Anos despois, María Xosé Queizán escribiu o poema "Momentos estelares con Begoña", no que a describe. Le este fragmento e explica coas túas palabras que di dela.

Aquela nena fíxose fermosa muller, Begoña
Quam magna, tan bela, tan libre. Sempre diante. Avant-garde
Cando a coñecín, cantoume o petit cheval de Brassens
Ensináchesmo ti, lembras? Lembro o sorriso
Onde se garda un intenso momento de felicidade?

BLOQUE 3

1. Na súa adolescencia, Begoña múdase ao barrio vigués de Coia, territorio que desde os anos sesenta foi converténdose nun dos máis populosos da cidade. Tendo en conta que Vigo foi a cidade europea que máis medrou, proporcionalmente, no século XX, explica as diferenzas que hai nos trazados urbanos de 1974 e 2025. Para facilitar a visión podes acceder á ligazón comparativa creada polo diario *Atlántico*:

https://www.atlantico.net/vigo/vigo-espacio-asi-ha-cambiado-ciudad-ultimos-35-anos_1_20230405-1903635.html

2. Nos anos oitenta o barrio estivo marcado pola reconversión. Vigo foi declarada zona de urxente reindustrialización e viviu unha deterioración social catastrófica. Xunto a este proceso aparece, no contexto de Begoña, a pandemia da heroína que asolou os barrios obreiros do país, creando unha xeración perdida. Tras ler este testemuño de Carmen Avendaño no xornal *La Provincia*, investiga sobre esta activista e sinala que asociación fundou e con que obxectivos.

Foi unha época de destrución de miles de persoas, e ao consumo de heroína engádese o descubrimento do VIH, co que se produce outro factor de rexeitamento. Caeron como moscas, e na época dos 80 e 90 e pola heroína, morreron máis mozos que en calquera guerra e sen deixar rastro, porque eran mortos anónimos.

3. Utiliza o capítulo 1 da webserie *Coia o Caos* para falar das diferenzas que atopan os protagonistas da serie entre a Coia dos anos oitenta e noventa e a Coia actual, tras saíren do cárcere e atoparen un barrio descoñecido para eles. Podes atopala na seguinte ligazón: <https://www.youtube.com/@CoiaoCaos-ci6fl>



Coia o Caos

@CoiaoCaos-ci6fl · 1450 subscriptores · 11 vídeos

La webserie "Coia o Caos" sigue a tres protagonistas que, tras pasar más de dos décadas, ...más

Subscribirse

4. Do mesmo xeito, a película *Os luns ó sol* recrea tematicamente estes tempos onde o desemprego de moitas persoas era unha realidade. Se é posible, visionádea na clase e realizade un debate sobre os asuntos que aparecen.

5. A continuación, aparecen diferentes episodios da vida de Begoña Caamaño. Leos con atención e escribe un número (do 1 ao 8) ao lado de cada un para indicar a orde cronolóxica correcta (1 = primeiro, 8 = último).

	Publica a súa segunda novela, <i>Morgana en Esmelle</i> .
	Comeza a súa carreira como xornalista en emisoras viguesas como Radio Noroeste e Radio Popular.
	É designada pola Real Academia Galega como homenaxeada no Día das Letras Galegas 2026.
	Falece en Santiago de Compostela, aos cincuenta anos, vítima dun cancro.
	Participa activamente en movementos feministas, antimilitaristas e nacionalistas e forma parte de asociacións como MUGACOM.
	Múdase coa súa nai e irmáns a Coia, en Vigo, en 1976.
	Inicia o seu traballo na Radio Galega, en 1989, presentando programas culturais como <i>Andando a Terra</i> .
	Publica a súa primeira novela, <i>Circe ou o pracer do azul</i> .

6. Begoña Caamaño estudou no IES Coia II, hoxe chamado IES Alexandre Bóveda, que leva o nome dun dos galeguistas máis relevantes do século XX, comprometido coa cultura, a economía e a política galega. Coñecer a súa vida permite comprender mellor o contexto histórico e social no que medraron persoas como Begoña e valorar o seu legado. Mira o vídeo *Alexandre Bóveda, unha crónica da Galiza mártir* (<https://www.youtube.com/watch?v=0DOCJgbqzc8>) e outros lugares da rede como <http://alexandreboveda.gal/alexandre-boveda> e responde:

- Onde naceu Alexandre Bóveda?
- Por que se implicou no galeguismo e cal foi o seu papel no Estatuto de 1936?
- Que riscos ou obstáculos tivo que afrontar debido ás súas conviccións?
- Que relación atopas entre os valores de Bóveda e a traxectoria de Begoña Caamaño?

7. Afondamos no barrio de **Coia**, en Vigo, un lugar cuxo nome ten unha historia curiosa e antiga. Aparentemente, o topónimo **Coia** semella ter relación coa palabra galega **coio** ("pedra", "pelouro"), pero existen indicios de que podería derivar dunha raíz prerromana moi común, coa idea de "concaidade, val, fondón ou sitio protexido".

- Accede a esta páxina <https://galicianomeada.xunta.gal/sixtop/inicio>. Busca o topónimo de Coia e explora o nome dos lugares que o conforman.
- Busca outro topónimo da túa contorna (pode ser do barrio, parroquia ou concello) e, de ser posible, procura a súa orixe e significado.

8. Localiza na seguinte imaxe onde se sitúan os barrios vigueses que determinan a vida de Begoña Caamaño.



9. A *fala de Vigo*, do profesor Henrique Costas, analiza os trazos dialectais desta zona. Consúltao en liña nesta ligazón:

https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/docs/nocampus/lingua/asesoramento/a_fala_de_vigo.pdf

Agora resolve estas cuestións:

- Apunta algunhas características lingüísticas diferenciais (páxinas 17-19 do libro).
- Apunta cinco casos de fraseoloxía singular que aquí se recolle (páxinas 20-34).
- Na parte final do libro hai un amplo glosario. Recolle cinco palabras da túa zona, que sospeites que son dialectalismos léxicos, e procura neste libro se están recollidos ou coinciden cos que se incorporan.



BLOQUE 4

1. Lede este texto sobre o xornalismo que exercía Begoña e realízade as actividades que se propoñen.

O seu é un xornalismo que lonxe de se compracer na superficie afonda na procura do núcleo. Era unha profesional situada na tensión entre a realidade, a súa comprensión, e o afán por transformala. Rigorosa e esixente, convencida da función de servizo público, tanto nos medios públicos coma nos privados. Participou no I Congreso do Sindicato da Información de Galicia, en Vigo no ano 1987 (...).

Consideraba que un medio público debe proporcionar á cidadanía información e contidos precisos para poder decidir con liberdade e responsabilidade. Alertou sobre o efecto dos medios de comunicación de masas, o borrado das cousas importantes co que operan sometidos a outras axendas e intereses. Reivindicou un xornalismo contra o esquecemento e advertiu "a ignorancia condúcenos á pobreza, á miseria. A falta de coñecemento leva á alienación, á falta de liberdade". Detectaba axiña as trampas, o sutil da discriminación, a manipulación, a aparente inocencia do (pre)xuízo.

Ana Román, "Begoña Caamaño: A faia e a oliveira", *Nós Diario* (15-11-24).

- a) Como entendía o xornalismo a nosa autora?
- b) Contra que tipo de prácticas xornalísticas loitaba?

2. Le este texto:

Comeza a súa andaina profesional no ano 1986 na emisora viguesa Radio Noroeste, na que realiza un curso de radio, para despois formar parte dos servizos informativos. Tras o seu paso por esta emisora, é contratada para se ocupar dos servizos informativos de Radio Popular, do ano 1988 a 1989.

Desde 1989 incorpórase á Radio Galega, primeiro na delegación de Vigo e desde 1992 na sede central en Santiago de Compostela, onde traballou como redactora dos servizos informativos até a súa incorporación ao *Diario Cultural*. Así mesmo, dirixiu e presentou os programas *Andando a Terra*, *Club Cultura* e *Expreso de Medianoite*.

Alén do desempeño profesional na radio, foi correspondente da Axencia Galega de Noticias (AGN) e colaborou nos xornais *El Sol*, *A Nosa Terra*, *Novas da Galiza* e na revista *Tempos*.

Álbum de Galicia. Texto adaptado.

- a) Que tipo de tarefas desempeñou Begoña Caamaño na Radio Galega?
- b) En que medios de comunicación exerceu a profesión de xornalista?
- c) Procura un artigo de Begoña Caamaño nesta ligazón e realiza un pequeno resumo do seu contido:

<https://consellodacultura.gal/album-de-galicia/detalle.php?persoa=22279#tab-responsive-14>

3. Redacta unha crónica actual dun acontecemento importante que poidas atopar na prensa escrita ou dixital, pero segue o estilo "lila" e reivindicativo que a caracterizou.

4. Poñemos en práctica unha entrevista "estilo Begoña Caamaño": divídese a clase en parellas e un fará de xornalista ao estilo "Caamaño" e outro dun personaxe histórico galego (ou actual) que precise reivindicarse; logo realizamos cinco preguntas que poidan aplicar a perspectiva de xénero (preguntarase polo papel das mulleres nese ámbito, pola conciliación ou pola desigualdade salarial).

5. Le esta resposta da autora a unha pregunta dun xornalista sobre a lingua galega.

Non podemos falar en termos de harmonía cando hai unha situación tan disimétrica entre o castelán e o galego. A sociedade galega en xeral, e a rapazada e a mocidade aínda máis, están sometidas a unha presión constante do español: a televisión, a radio, o cine, os videoxogos... todo o seu ocio transcorre baixo unha xerarquía castelanizante. Xa que non se toman as decisións políticas e económicas para mudar esa realidade, o ensino debería actuar, cando menos, coma elemento equilibrador, potenciando o coñecemento, estudo e uso da lingua minorizada, que é a nosa. Con este novo decreto queren facer o contrario. Van asinar non a defunción, senón a execución do galego.

M. Vidal Villaverde, «Begoña Caamaño: "O galego resúltalles un moribundo demasiado lento e molesto"», *Galicia Hoxe.com* (25-01-10).

- a) Segundo as palabras de Caamaño, cal é a lingua dos medios de comunicación?
- b) Que propón para que exista unha situación máis equilibrada?
- c) No texto hai unha referencia ao "novo decreto". Infórmate sobre a que resolución legal se refire.

6. Organízade un debate sobre o tema "O xornalismo serve para transformar a sociedade?" e empregade ideas e textos de Begoña Caamaño como punto de partida.

7. Elaborade unha crónica cultural ao estilo de Begoña sobre un evento da túa cidade ou vila, poñendo en práctica o rigor, a mirada social e a sensibilidade cultural.

BLOQUE 5

1. Observade estas dúas imaxes de Begoña Caamaño tomadas en diferentes contextos.

- Escollede unha delas e facede unha descrición que explique o motivo da vosa escolla e a sensación que vos transmite a fotografía.
- Agora facede como o alumnado do IES Castelao e deseñade un debuxo da autora ou da cuberta dos seus libros.



2. Organizade un concurso por equipos para resolver estes tres Kahoots.



3. Con todo o que levas aprendido ata agora sobre Begoña, realiza as actividades que aparecen nas seguintes ligazóns.

https://www.educima.com/wordsearches/begona_caamano-8631792

www.educima.com/wordsearches/begona_caamano-17e442c007aee7813b0a31ec9e6e3be

www.educima.com/wordsearches/sopa_de_letras_begona_caamano-2f82ca911328b1514d3ca3ef3b428d8c

www.educima.com/wordsearches/begona_caamano-244af84d3e02d37232f47d920b84311d

4. Le este texto de Begoña Caamaño (fonte, *O libro das amigas*, páxina 81) e sinala cales son as palabras que máis se repiten e logo defíneas.

Eu son unha muller feminista e cando digo feminista falo dunha cosmovisión do mundo e para min é fundamental recuperar todas esas voces silenciadas ao longo dos séculos (...). É moi gratificante darlles voz ás silenciadas.

5. Despois de mirar este vídeo <https://www.crtvg.es/tvg/a-carta/entrevista-a-begona-caamano-dario-xohan-cabana-agustin-fernandez-mallo>, no que María Solar entrevista a Begoña Caamaño, buscade nos minutos sinalados a resposta ás seguintes cuestións:

15:04 a) Cantos premios obtivo *Morgana en Esmelle*?

15:12 b) Cal foi a súa percepción ao acadar os premios?

15:55 c) Como lembra a súa primeira novela?

17:00 d) Cales son as claves da súa escrita?

17:46 e) Quen son as protagonistas das súas obras?

18:36 f) Cal é o personaxe que lle "roubou" a Cunqueiro en *Morgana en Esmelle*?

19:30 g) En que tipo de literatura cría a autora? Por que?

BLOQUE 6

1. Observa o cartel 6, "A feminista", e responde estas preguntas:

- Cales foron os colectivos feministas nos que militou Begoña desde nova.
- De onde toma referencias para elaborar as súas obras narrativas?
- Que lema de Begoña serviu para conmemorar o 8 de marzo de 2015?

2. Resolve a seguinte sopa de letras.

PERSPECTIVA DE XÉNERO

D	Q	S	T	I	E	D	I	U	B	E	G	D	T
I	T	X	I	S	E	X	I	S	M	O	X	F	S
S	A	F	L	M	Q	R	U	Q	N	H	N	D	O
C	P	I	G	U	A	L	D	A	D	E	U	R	L
R	O	V	M	Q	P	Q	T	F	V	M	S	V	I
I	D	S	F	E	M	I	N	I	S	M	O	N	D
M	E	V	U	D	P	T	M	C	N	V	R	B	A
I	R	X	E	X	G	L	I	O	G	Z	O	U	R
N	A	U	D	X	D	E	T	O	B	Q	R	Z	I
A	M	I	V	E	U	N	I	R	Q	L	I	G	E
C	E	U	B	N	H	B	G	E	A	I	D	T	D
I	N	I	I	E	O	F	P	G	G	M	A	C	A
O	T	D	O	R	Q	B	F	L	V	I	D	O	D
N	O	A	A	O	I	X	M	E	U	U	E	I	E

discriminación
feminismo
sexismo
sororidade

apoderamento
igualdade
solidariedade
xénero

3. Tras buscar as palabras na sopa de letras, define cada unha delas no teu caderno. No caso de descoñecer o seu significado, podes acudir ao dicionario en liña da RAG: <https://academia.gal/diccionario>

Despois escolle a palabra coa que te identifiques máis. Elabora un cartel no que apareza a palabra e un debuxo que a represente.

Deixade voar a vosa imaxinación e creatividade para decorar o cartel. Logo podedes, en grupo, realizar unha exposición con todos eles.

4. Unha das características da obra de Begoña é a reescritura de figuras femininas da mitoloxía clásica ou da Materia de Bretaña: Medea, Helena, Clitemnestra, Morgana, Xenebra, Circe, Penélope. Organizádevos en grupos para buscar información e completar o modelo de ficha que se vos ofrece a continuación. Logo podedes expoñelas na vosa aula.

- Nome.
- A que mitoloxía pertence?
- Cales son as súas características?
- Que mito representa?
- Procura títulos dalgunha obra literaria, plástica ou/e cinematográfica da que sexa protagonista.

Nome

[]

[]

[]

[]



5. Begoña non é a única escritora galega que destaca pola súa loita feminista: Xohana Torres, María Reimóndez, Teresa Moure, Susana Sánchez Aríns, Marilar Aleixandre, María Xosé Queizán ou Rosalía de Castro son unha boa mostra de mulleres comprometidas co feminismo. Relaciona cada obra coa súa autora.

Penélope

Herba moura

A cabeza de Medusa

Furia

Tecín soia a miña tea

Amor de tango

Arte menor

Rosalía de Castro

Susana Sánchez Aríns

María Xosé Queizán

Teresa Moure

Xohana Torres

María Reimóndez

Marilar Aleixandre

6. Begoña Caamaño revisou os mitos clásicos e medievais desde unha perspectiva feminista. Imitando os seus pasos, elabora unha pequena historia que comece con “Eu son Morgana e esta é a miña historia: contada por min mesma, coa miña voz”. Cambiade o nome de Morgana polo dalgunha destas figuras femininas que se mostran nas imaxes ou outras que vos inspiren.



 A vertical writing template with a decorative border. At the top, it says "Eu son..." in a cursive font. Below this are several horizontal lines for writing. The border features a map in the top right, a floral design in the bottom right, and a circular emblem in the top left.

7. *Liberdade, igualdade, dignidade...* son palabras derivadas que indican calidade ou estado. Engade outras tres palabras máis á listaxe.

- *Feminista* tamén é unha palabra derivada. Saberías indicar nela o lexema e o sufixo? Escribe tres palabras máis con ese mesmo sufixo.
- Sinala se o termo MUGACOM (Mulleres Galegas na Comunicación) é un acrónimo ou unha sigla. Procura outro exemplo de ambas.


8. Escoita atentamente na seguinte ligazón a canción “Lisístrata” de Fillas de Cassandra https://www.youtube.com/watch?v=_j_AOT75W_8. Nela podes comprobar como a través da música tamén se fai unha reinterpretación dos mitos clásicos. Agora reflexiona sobre estas cuestións:

- Que achegan Begoña Caamaño e Fillas de Cassandra ao feminismo galego contemporáneo?
- Por que é conveniente revisar os mitos desde as voces das mulleres?

9. Investiga a vida e obra dunha autora vinculada á rede feminista galega e presenta unha ficha biográfica acompañada dunha cita representativa.

10. Escríbelle unha carta imaxinaria a Begoña Caamaño na que lle contes que significa para ti o seu legado e como ves hoxe a loita feminista en Galicia.

11. QUE FAN AS MULLERES NOS LIBROS DE BEGOÑA CAAMAÑO? UNE A FRASE DA COLUMNA DA ESQUERDA COA IMAXE DA COLUMNA DA DEREITA QUE LLE CORRESPONDA.



- A MULLER FALA.



- A MULLER É FORTE.



- AS MULLERES ESTÁN XUNTAS.



BLOQUE 7

1. Dentro do seu activismo cómpre salientar o labor que desenvolveu para actualizar a figura de Rosalía. Le este texto e debuxa unha Rosalía tal e como a imaxinaba Begoña Caamaño.

Rosalía pequeniña sería hoxe, como daquela, unha nena guerreira, gustaríalle o rock tocado con gaita e vestiría de punki. Porque as mulleres e as nenas de agora somos coma ela: (...) da tribo daquelas que non só cantan ás pombas e ás flores.

Limiar de *Rosalía pequeniña*, por Begoña Caamaño.


2. Logo do que levas lido ata o de agora, sinala se estas afirmacións son falsas ou certas:

- Na Radio Galega formou parte, en varias etapas, do Comité de Empresa da Radio e ocupou o cargo de presidenta do Comité Interempresas da CRTVG.
- Recibiu a distinción de Viguesa Distinguida.
- Impulsou a Asociación de Mulleres Galegas na Comunicación (MUGACOM).
- Formou parte do consello de redacción da revista antimilitarista *Ar!*
- Leu manifestos en diversas concentracións de corte feminista e antimilitarista.
- Participou en Mulheres Nacionalistas Galegas (MNG) e na Marcha Mundial das Mulleres.

3. O afundimento do Prestige, que danou as costas galegas de chapapote e foi unha das máis recentes catástrofes ecolóxicas de Galicia, tivo a Begoña como unha das persoas que máis destacou na procura dunha información do accidente veraz e rigorosa. Procura na rede unha cronoloxía dos feitos e redacta un pequeno texto coas consecuencias desta desfeita ecolóxica.

4. Para reivindicar a sororidade e mais a cultura como elementos claves na nosa sociedade, consulta na rede a campaña "Tecer redes, escribir o futuro" e escribe tres mensaxes sobre igualdade e feminismo, ao fío do que Begoña Caamaño faría.

5. PICTOGRAMAS COA BIOGRAFÍA DE BEGOÑA CAAMAÑO (VIGO, 1964 – SANTIAGO DE COMPOSTELA, 2014).



• FOI UNHA ESCRITORA GALEGA.



• ESCRIBIU LIBROS COMO *CIRCE OU O PRACER DO AZUL* E *MORGANA EN ESMELLE*.



• ESCRIBIU NOVOS MITOS CLÁSICOS NOS QUE AS MULLERES TIÑAN MOITA IMPORTANCIA.



• TRABALLOU NA RADIO GALEGA.



• DEFENDEU O FEMINISMO, A IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES.




• DEFENDEU A LIBERDADE DAS PERSOAS.

BLOQUE 8

1. Escoitade o poema de Yolanda Castaño "A voz das amigas" musicado polo grupo Leilía (<https://www.youtube.com/watch?v=8llQtoE0shE&t=121s>). Reflexionade en pequenos grupos sobre a mensaxe que tenta transmitir e despois compartídea co resto da clase.

Tamén podedes animarvos a cantala todos xuntos:

(<https://www.youtube.com/watch?v=6u0E1NXe3oo&t=137s>).



2. *O libro das amigas* é unha obra coa que se lle quixo tributar unha homenaxe póstuma a Begoña Caamaño. Nel moitas das súas amizades escriben en prosa ou en verso os seus recordos sobre ela. Le [a presentación deste libro](#) que fixo Carme Panero e descubre a importancia das amizades na súa traxectoria.
3. Despois de escoitardes o código QR do cartel, gravade un pequeno pódcast ou programa de radio no que entrevistades a personaxes que representen as amigas e compañeiras de Begoña Caamaño falando sobre a súa obra e legado.
4. En grupos, producide un pequeno documental ou vídeo titulado "A rede continúa", no que recreades a historia, ideas e impacto de Begoña e das mulleres coas que teceu acción e amizade.
5. Nun artigo de María del Río, incluído en *O libro das amigas*, recupérase un texto conmovedor sobre o que significaba escribir para Begoña.
 - a) Tras lelo, recolle as ideas fundamentais que encerra.
 - b) Realiza con este texto unha proba de *black poetry* ou "poesía escurecida". Infórmate na rede de en que consiste.

Escribir cura as miñas dores. Libérame dos meus medos, escorrenta as pantasma que me atormentan. Escribir permíteme crear espazos de xustiza e liberdade máis semellantes ao mundo no que desexaría vivir. Pero, como muller feminista, escribir non é tan só unha opción individual. Escribir forma parte tamén do compromiso colectivo coas mulleres que loitan en diferentes fronteas. Escribir é unha homenaxe as mulleres que me abriron camiño, aquelas que dixeron NON, moitas veces a costa da súa vida. Pero, sobre todo, escribir é unha obriga con todas aquelas outras que aínda non descubriron a palabra que nos fai libres e fortes, aquelas que aínda non saben a grande revolución que se desencadea cada vez que alzan a voz e da súa boca sae un simples NON.

6. Begoña escribiulle unha conmovedora carta á súa amiga a cantante Uxía antes de falecer, en outubro de 2014. Neste texto reflexiona sobre a súa vida, o amor e a aprendizaxe, acepta a súa morte con serenidade e agradece o cariño que recibiu. Facede unha lectura en voz alta na clase.

Querida Uxi:

Eu levo xa tanto vivido, tanto aprendido, tanto amado e tanto amor recibido que non podo dicir que a miña morte sexa inxusta. Indesexada si, como todas... que me encantaría vivir outros 47 anos, tamén. Sempre temos apego a vida, sobre todo porque sabemos que, pese aos seus mil amargores, a vida compensa.

Pero Uxi, non vou mentir dicindo que por veces non teña medo e rabia, pero é máis pola incerteza que pola morte en si mesma. Putada, o que se di unha putada grande e real sería ter vivido unha vida de merda, estar dende os 6 anos furgando na basura dos vertedoiros de Antanaribo, ou dende os 8 turrando dunha vagoneta de carbón en Bolivia, ou dende os 11 pechada nun burdel de Bankog! Ter unha vida tan miserable que che fai desexar a morte como un alivio.

(...)

Polo demais, Uxía ben amada, ata nestas circunstancias, aínda que pareza estrano, son feliz, por moi grande e absurda que soe a palabra felicidade.

Gostaríame morrer como no fermoso cadro de Leandro Lamas co que me agasallastes... facer unha festiña tranquila, poder vervos a todas e todos, despedirme de cada unha de vós, partillar un brinde pola vida,

escoitarte por última vez cantar o Alalá das Mariñas e logo adormecer... sen dor, sen estertores, adurmiñarme repousando no peito de Etxaniz, ir notando como o sono me vence, como a túa voz soa cada vez máis baixiña no meu corazón, como os vosos sorrisos se van desdebuxando, perdendo as vosas individualidades ata se converter nun sorriso único, cálido e amable coma o sol nun día de xuño... e xa non despertar máis.

Ese é o meu último, íntimo gran desexo. Egoísta, sen dúbida, pois en absoluto me preocupa a "outra parte", vós e a vosa tristura e desconsolo.

Mais a vida foi tan boa comigo, tan boa con todas vós que ata nos está dando o tempo preciso para nos ir facendo á idea e que o salto definitivo non sexa tan traumático nen trágico, senón unha dor miúda, serea e calma... e que esteades todas xuntas, todos xuntos, para vos consolar mutuamente e, cando xa eu teña adormecido para sempre, volveredes a brindar por min, se é que vos parece que o merezo.

Bicos, Uxi. Quérote pola vida.

7. Compón un mural poético ou unha peza literaria colectiva que reúna palabras, citas ou versos inspirados na obra e pensamento de Begoña a partir das opinións das súas amizades.

BLOQUE 9


1. Tres escritoras contemporáneas e recentemente homenaxeadas comparten o seu activismo social e cultural, fóra da súa faceta literaria. Pescuda a quen corresponden estas afirmacións e sitúaaas correctamente na táboa.

ESCRITORAS	DEFENSA DA LINGUA	FEMINISMO	ACTIVISMO SOCIAL	ACTIVISMO CULTURAL
Xela Arias				
Luísa Villalta				
Begoña Caamaño				

- Publicou toda a súa obra en galego.
- Denunciou roles patriarcais na poesía.
- Colaborou en proxectos pola igualdade.
- Renovou a poesía e fixo traducións.
- Participou en campañas pola lingua.
- Creou personaxes femininos fortes.
- Manifestouse contra as inxustizas sociais.
- Escribiu teatro e poesía galega.
- Defendeu o galego nos medios públicos.
- Reinterpretou mitos con visión feminista.
- Denunciou a manipulación informativa no caso do Prestige.
- Promoveu debates culturais e feministas.


2. Investiga na rede sobre o Premio Begoña Caamaño para a acción cultural pola igualdade e sinala algunhas das persoas ou colectivos que foron galardoados nos últimos anos. Sinala tamén a quen premiarías ti na túa familia por ser referente na defensa da igualdade e explica as razóns desta escolla.

3. Agora vas ter que demostrar os teus dotes de detective. Descubre que títulos de tres das nosas sete escritoras homenaxeadas no Día das Letras Galegas se agochan tras estes xeroglíficos visuais. Hai un título por cada autora.




Título:_____

Autora:_____



Título:_____

Autora:_____



Título:_____

Autora:_____

4. No aniversario da morte de Begoña realizouse un acto de lembranza e de eloxio da súa persoa e obra. Atopa no cartel 9 como se chamou esta celebración, onde se realizou e que dúas obras se presentaron ese día.

5. A Segra é unha plataforma de crítica literaria feminista que desde o 2014 celebra o Día das Galegas nas Letras.

- Indica en que consiste esta celebración e por que se creou.
- Nomea quen foi a primeira homenaxeada e a última.
- Que relación ten A Segra con Begoña Caamaño?

6. Begoña Caamaño tamén foi multipremiada por unha das súas obras.

- a) Fíxate no cartel e di por cal. Que premios recibiu? Sabes que significan as siglas AELG? Búscalo.
- b) Que escritora é a túa preferida? Que premios lle concederías ti?

7. Agora, para rematar, imaxina que Begoña segue viva e soubese que lle dedicaron este ano o Día das Letras Galegas.

- a) Fai un debuxo dela neste momento.
- b) Indaga quen creou o Día das Letras Galegas e investiga sobre os requisitos que se esixen para esta concesión. Podes consultalo aquí:
<https://academia.gal/-/sobre-a-designacion-da-personalidade-literaria-do-dia-das-letras-galegas>

BLOQUE 10

1. Le o cartel sobre *Morgana en Esmelle*. Despois, escolle a resposta correcta:

- Viviana e Morgana son:
 - a) medio irmás.
 - b) nai e filla.
 - c) tía e sobriña.
- A relación incestuosa de Morgana é con:
 - a) Artur.
 - b) Merlín.
 - c) Xenebra.
- O asasinato de Artur é un:
 - a) rexicidio.
 - b) parricidio.
 - c) ambas as dúas.

2. A obra insírese, reinventándoa, na tradición mítico-literaria céltica. Esta chamada materia de Bretaña está presente na nosa literatura medieval e, desde o celtismo do Rexurdimento, na nosa literatura contemporánea. Busca na rede información respecto de que elementos hai de Cunqueiro neste libro.

3. Esta é a visión de *Morgan le Fay* do pintor John Roddam Spencer Stanhope (1880) e do ilustrador William Henry Margetson (1908), respectivamente. Describe o que están a facer cada unha das dúas.



4. Le este extracto de *Morgana en Esmelle* (p. 90) e resolve as actividades propostas.

—Myrdhin, tes o ollar penetrante e asexado dun falcón, mais tremes coma un pardal asustado. Con esa mestura só podes ser un merlo, un merliño curioso. Merlín, e non Myrdhin, ha ser o nome polo que eu te chame.

—Merlín! Éche un nome ben acaído para un mociño que procura a sabedoría —riu tamén o mestre Odain—. Atinaches co alcume, Viviana. Se a ti non te amola —engadiu dirixíndose a min—, así te habemos de chamar mentres esteas entre nós.

Antes de que eu puidese dar o meu parecer sobre esa mudanza, os cativos todos comezaron a repetir o alcuño (...).

- a) Procura os termos do campo semántico das aves presente no texto. A continuación, elabora unha ficha técnica (nome científico, hábitat, alimentación e imaxe) de cada especie. Podes comezar a busca de información en <https://academia.gal/aves/denominacion>.
- b) Localiza no texto dúas perífrases verbais e clasifícaas.

5. A partir desta conversa entre Morgana e Xenebra (p. 132), transforma o diálogo nun parágrafo de orientación descritiva-narrativa.

Sodes moi fermosa, irmá. Mais a fermosura por si soa non abonda nunha corte real (...).

—Oh, non creo que a Artur lle preocupe moito o meu aspecto —riu Morgana.

—Mais vós non o queredes avergoñar perante os seus cabaleiros —a voz de Xenebra soou imperativa, a pesar de non perder a súa suavidade—. (...)

—Pobre do reino cuxo prestixio dependa das roupaxes dos seus cortesáns —retrucou Morgana—. E malos amigos e peores aliados serán os que xulguen a grandeza dun rei polo xeito en que se vista a súa irmá.

—Morgana, ben sei que dende nena medraches nun ambiente onde se despreza o aspecto físico das persoas e só vos ocupan o coñecemento e a razón. Con todo, tedes que vos decatardes de que as cousas non son así nas cortes europeas e tampouco o poden ser en Camelot.

6. A partir do seguinte texto, investiga na rede sobre os termos *druída* e *Britania*. Realiza unha pequena reflexión escrita sobre a expresión final do fragmento: "nunca será dono de seu un pobo sometido á ignorancia".

—Grandes palabras son esas —ironizou a druída—. Britania? De que Britania falas? A que ti e eu soñabamos xuntos requiría de todo o contrario ao que hoxe defendes. Un mundo libre non se constrúe con mentiras e nunca será dono de seu un pobo sometido á ignorancia.

BIBLIOGRAFÍA

- ANÓNIMO, *O Calvario: o meu barrio. Memoria fotográfica*, ACECA, Asociación de Comerciantes e Empresarios do Calvario, Vigo, 2011.
- CAAMAÑO, Begoña, *Circe ou o pracer do azul*, Galaxia, Vigo, 2009.
- CAAMAÑO, Begoña, *Morgana en Esmelle*, Galaxia, Vigo, 2012.
- GIRÁLDEZ RIVERO, Xesús, *O antigo concello de Lavadores: unha aproximación histórica*, Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores, Vigo, 1987.
- GONZÁLEZ-ALEMPARTE FERNÁNDEZ, Juan Miguel, *Historia do barrio de O Calvario (1900-1960)*, Asociación de Veciños do Calvario, Vigo, 2024.
- MOSQUERA, Javier, *Vigo a través de sus barrios*, Concello de Vigo-Faro de Vigo, 1995.
- SESTAY MARTÍNEZ, Iván, *Toponimia do Val do Fragoso*, Vigo: Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións, 2010.
- VV.AA., *O libro das amigas*, 2016.

WEBGRAFÍA

A Real Academia Galega dedicarlle o Día das Letras Galegas 2026 a Begoña Caamaño. Consultado: 30-12-2024.

<https://academia.gal/-/a-real-academia-galega-dedicarlle-o-dia-das-letras-galegas-2026-a-begona-caamano>

Begoña Caamaño. Consultado: 30-12-2024.

<https://consellodacultura.gal/album-de-galicia/detalle.php?persoa=22279>

Cuestionario Proust. Consultado: 30-12-2024.

<https://cadernodacritica.wordpress.com/2013/11/23/cuestionario-proust-begona-caamano/>

Entrevistas. Consultadas: 30-12-2024.

<https://tv.uvigo.es/series/5b5b4e8f8f42083d60e77a0f//>

<https://www.youtube.com/watch?v=ifJi8f4HTtQ//>

https://www.youtube.com/watch?v=ex9qMGWS_94

La Cristina. Consultado: 30-12-2024.

<https://www.asociacionbuxa.com/patrimonio/200-la-cristina/>



IES CASTELAO



INSTITUTO DE
EDUCACIÓN SECUNDARIA
CASTELAO

Xacobeo  2027